

ANEXO II . DECLARACIÓN RESPONSABLE COMO ENTIDADE COLABORADORA NO PROGRAMA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

D/Dña. _____, con DNI _____, en calidade de _____ da empresa/entidade colaboradora _____.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que a empresa/entidade _____ :

- Realiza unha actividade económica ou profesional, sexa ou non lucrativa.
- Está constituída legalmente baixo unha forma xurídica determinada.
- Dispón das instalacións e dos medios adecuados para desenvolver as prácticas.
- Dispón do persoal adecuado para titorizar as prácticas (consúltese o artigo 10 do convenio asinado).
- Cumpre coas condicións de seguridade, e sanitarias no seu caso, adoptadas polos seus servizos de prevención de riscos laborais ou autoridades competentes.
- Cumpre co marco legal en materia de prácticas académicas externas.
- No caso de ser unha entidade privada, non está incurso nun expediente de regulación de emprego (ERE) na data de inicio da práctica. No caso de que a regulación sexa temporal, e só afecte algúns departamentos en concreto, o alumnado só realizará as súas prácticas nas áreas non afectadas polo ERE.
- Facilitaralle á Universidade de Vigo, no caso de ser solicitados, os informes que estime oportunos a fin de determinar a idoneidade da entidade colaboradora, en tanto cumpre os puntos anteriores.
- Garantirá a realización de prácticas de calidade e facilitará unha titorización efectiva, axustando o número máximo de alumnado que poderá realizar as prácticas simultaneamente.
- Remitiralle á Universidade de Vigo, no caso de ser solicitados, os datos relativos á dimensión do seu cadro de persoal, segundo consta no relación nominal de traballadores/as (RNT).

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS

Responsable: Universidade de Vigo.

Finalidade: xestionar e tramitar convenios de cooperación educativa e realizar prácticas externas, ofertas de emprego e bolsas de formación práctica da Universidade de Vigo.

Lexitimación: o tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste documento basease nas competencias atribuídas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e desenvoltas polo Real decreto 592/2014, do 1 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios.

Cesións: non se prevén cesións a terceiros.

Dereitos: as persoas interesadas poderán exercer os seguintes dereitos: acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e, no seu caso, portabilidade dos datos.

Procedencia da información: a información recollida neste formulario procede da propia persoa interesada ou da súa representación legal.

Información adicional: uvigo.gal/proteccion-datos

Lugar e data:

Nome, apelidos e sinatura: